

Martes, 15 de febreiro de 2022

Núm. 31

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**CAMBADOS**  
**Recadación**

*APROBACIÓN DO PADRÓN DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUMIDOIROS  
E COEFICIENTE DE VERTEVEDURA DO 2º SEMESTRES DO 2021*

*SERVIZO MUNICIPAL DA REDE DE SUMIDOIROS*

*ESPINA & DELFIN, S.L.*

**Asunto: Aprobación Padrón Taxa pola prestación do servizo de sumidoiros e coeficiente de vertedura, 2º semestre 2021.**

Confecionado o Padrón da taxa pola prestación do servizo de sumidoiros e coeficiente de vertedura por Espina & Delfin, S.L., correspondente o 2º semestre do ano 2021 e aprobado por resolución de alcaldía , Decreto 2022-0123

Exponse ao público o referido Padrón durante un prazo de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOP para que poida ser examinado polos/as contribuíntes ou interesados na oficina Espina & Delfin, S.L., sita na rúa Ourense, número 8, Cambados, en horario de 10:00 a 13:30 horas, de luns a venres, ós efectos de que poidan facer as reclamacións que consideren oportunas, elevándose o mesmo a definitivo con resolución das mesmas se as houbese.

Asemade, faise saber que, sen prexuízo das reclamacións que se poidan presentar contra o citado Padrón, o prazo de ingreso en período voluntario das citadas taxas, será de sesenta días dende a súa aprobación e publicación no B.O.P.

Advertencia: Rematado o período voluntario de ingreso, os recibos non pagados esixiranse pola vía administrativa de prema, coas recargas e xuros correspondentes, consonte co establecido nos artigos 161 da Lei xeral tributaria e 69 e seguintes do Regulamento Xeral de Recadación. (R.D. 939/2005, de 29 de xullo). Ademais, no caso do coeficiente de vertedura advírtese ao contribuínte de que a falta de pagamento no período voluntario sinalado suporá a esixencia directamente pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

Contra a aprobación do Padrón só poderá interpoñerse recurso de reposición, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao do remate do período de exposición pública do referido Padrón (art. 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Facendas Locais). De igual modo, a repercusión do coeficiente de vertedura, poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende a súa publicación no BOP.

Documento asinado electronicamente.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:WH6VWQHNNH40C00T

